

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027897	Paseo das Pontes	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CSINA02	Procesos e calidade na industria alimentaria	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0472	Formación e orientación laboral	2023/2024	3	107	107
MP0472_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	3	45	45
MP0472_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	3	62	62

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	M. ANTONIA PEREZ IGLESIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da industria alimentaria.

A formación do módulo contribúe a alcanzar

Os obxectivos xerais:

- k) Identificar os perigos e os riscos asociados á propia actividade profesional en relación coas súas medidas de control, prevención e protección, para cumprir as normas establecidas nos plans de seguridade alimentaria e de prevención de riscos laborais.
- q) Identificar formas de intervención en situacións colectivas, analizando o proceso de toma de decisións, para as liderar.
- r) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado para manter unha cultura de actualización e innovación.
- t) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- u) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.

As competencias profesionais, persoais e sociais:

- j) Aplicar a normativa de seguridade alimentaria e de prevención de riscos laborais, así como a lexislación específica dos sectores da industria alimentaria.
- n) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- ñ) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais, orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- o) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- q) Xestionar a propia carreira profesional analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- s) Participar activamente na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.

establecidos no Decreto 119/2011 polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ás empresas do sector alimentario
- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego.
- Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
- Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
- Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.

- Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Estudo das condicións de traballo do sector da industria alimentaria a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector da industria alimentaria
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector da industria alimentaria, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe			
					47212				47222			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	A prevención de riscos laborais	Conceptos básicos da prevención de riscos, clasificación dos factores de risco e a súa prevención, identificación de danos na saúde dos traballadores, organización da prevención na empresa, emerxencias e primeiros auxilios	45	40	X	X	X	X				
2	A relación laboral	Introdución ao dereito do traballo; identificación e características dos contratos; determinación da xornada de traballo e salario; modificación, suspensión e extinción do contrato e participación dos traballadores na empresa	41	40						X		
3	A Seguridade Social	Estrutura e funcionamento do sistema da Seguridade Social e principais prestacións destinadas aos traballadores; requisitos e condicións	14	13							X	
4	O traballo en equipo	Funcionamento dos equipos de traballo, negociación e solución de conflitos	3	3					X			
5	O proceso de inserción laboral	Plan de autoorientación persoal e diversos elementos do proceso de procura de emprego	4	4								X
Total:			107									

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais	45

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da industria alimentaria.	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar os dereitos e deberes en seguridade laboral	1	A prevención na empresa e a súa organización	15,0
1.2 Identificar as formas de organización e participación na empresa en relación a prevención de riscos			
1.3 Recoñecer os organismos públicos en seguridade e saúde laboral			
1.4 Identificar e clasificar os factores de risco laboral e os danos asociados			
2.1 Avaliar as situacións de riscos identificadas	2	O plan de prevención	25,0
2.2 Definir o contido dun plan de prevención de riscos laborais			
2.3 Establecer as medidas de prevención e protección fronte aos riscos avaliados			
3.1 Identificar os protocolos de actuación en situacións de emerxencia e primeiros auxilios	3	Situacións de emerxencia e primeiros auxilios	5,0

TOTAL
45
4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.	• PE.1 - Casos prácticos condicións de traballo e danos na saúde	S	4
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.	• PE.2 - Supostos identificación accións preventivas axeitadas	N	2
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.	• LC.1 - Tarefas de clase	N	1
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.	• LC.2 - Tarefas de clase	N	1
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.	• LC.3 - Tarefas de clase	N	2
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da industria alimentaria.	• PE.3 - Exame dereitos en materia preventiva	S	8
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.	• PE.4 - Exame obrigas en materia preventiva	S	8
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria	• PE.5 - Supostos prácticos condicións de traballo	S	4
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.	• PE.6 - Exame factores de risco laboral	S	6
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria	• PE.7 - Exame danos profesionais	S	6
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.	• TO.1 - Rúbrica plan de prevención	N	1
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.	• PE.8 - Exame avaliación riscos laborais	S	5

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.	• LC.4 - Tarefa de clase	N	1
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.	• PE.9 - Exame organización da prevención	S	5
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.	• PE.10 - Exame organización da prevención	S	4
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	• LC.5 - Mapa mental organismos	N	1
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.	• LC.6 - Estructura plan de prevención	N	1
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.	• PE.11 - Casos prácticos	S	4
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.	• TO.2 - Rúbrica plan de prevención	S	4
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.	• TO.3 - Rúbrica plan de prevención	N	1
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.			0
CA4.1.1 Definíronse as técnicas de prevención e protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse	• PE.12 - Exame técnicas de prevención e protección	S	8
CA4.1.2 Proxectáronse as medidas de prevención e protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse	• TO.4 - Rúbrica Plan de prevención	S	4
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.	• PE.13 - Casos prácticos sinalización	S	4
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.	• PE.14 - Exame equipos de protección	S	4
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.	• LC.7 - Mapa conceptual protocolo emerxencias	N	2
CA4.5 Identifícaronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.	• PE.15 - Supostos prácticos	N	1
CA4.6 Identifícaronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.	• LC.8 - Taller de primeiros auxilios	S	8
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector da industria alimentaria en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da industria alimentaria.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>A prevención na empresa e a súa organización - Nesta actividade realizamos unha aproximación á prevención de riscos laborais e á súa organización e xestión dentro do ámbito empresarial mediante a resolución de pequenos casos prácticos e dinámicas plantexadas na aula</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación do módulo • Introducción aos conceptos fundamentais en materia de prevención de riscos laborais 	<ul style="list-style-type: none"> • Recibe/procesa información e resolve distintos supostos prácticos combinando o traballo da clase co traballo no seu domicilio • Elabora o plan de prevención • Realiza a proba escrita ao final da unidade 	<ul style="list-style-type: none"> • Solución de casos • Proba escrita • Plan de prevención 	<ul style="list-style-type: none"> • Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Tarefas de clase • LC.2 - Tarefas de clase • LC.3 - Tarefas de clase • LC.4 - Tarefa de clase • LC.5 - Mapa mental organismos • PE.1 - Casos prácticos condicións de traballo e danos na saúde • PE.2 - Supostos identificación accións preventivas axeitadas • PE.3 - Exame dereitos en materia preventiva • PE.4 - Exame obrigas en materia preventiva • PE.5 - Supostos prácticos condicións de traballo • PE.6 - Exame factores de risco laboral • PE.7 - Exame danos profesionais • PE.9 - Exame organización da prevención • PE.10 - Exame organización da prevención • TO.1 - Rúbrica plan de prevención 	15,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O plan de prevención - Nesta actividade, de forma grupal e individual, o alumnado resolverá diferentes supostos en relación a elaboración dun plan de prevención de riscos laborais para unha empresa do sector do título	<ul style="list-style-type: none"> Presenta o material e os recursos a utilizar para a elaboración do plan de prevención por parte do alumnado Orienta ao alumnado na elaboración do plan de prevención de riscos laborais 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado en equipo e individualmente realiza e desenvolve o plan de prevención combinando o traballo na aula co traballo no seu domicilio Realiza a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de prevención Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> LC.6 - Estructura plan de prevención PE.8 - Exame avaliación riscos laborais PE.11 - Casos prácticos PE.12 - Exame técnicas de prevención e protección PE.13 - Casos prácticos sinalización PE.14 - Exame equipos de protección TO.2 - Rúbrica plan de prevención TO.4 - Rúbrica Plan de prevención 	25,0
Situacións de emerxencia e primeiros auxilios - Nesta actividade analizamos a actuación ante diversas situacións de emerxencia e as técnicas básicas de primeiros auxilios	<ul style="list-style-type: none"> Facilita os contidos teóricos e elabora a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado analiza o contido dun plan de emerxencia e elabora o plan de prevención Participación na charla impartida por un técnico profesional de protección civil e realización de supostos prácticos de primeiros auxilios. 	<ul style="list-style-type: none"> Solución de casos Plan de prevención Taller de primeiros auxilios 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> LC.7 - Mapa conceptual protocolo emerxencias LC.8 - Taller de primeiros auxilios PE.15 - Supostos prácticos TO.3 - Rúbrica plan de prevención 	5,0
TOTAL						45,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A relación laboral	41

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o marco legal das relacións laborais 1.2 Manexar os distintos contratos de traballo en situacións reais	1	O marco normativo do dereito do traballo	14,0
2.1 Recoñecer o sistema de clasificación profesional no sector profesional do título e as posibilidades de promoción profesional 2.2 Determinar a regulamentación do tempo de traballo 2.3 Identificar a estrutura e calcular recibos de salarios	2	Clasificación profesional, tempo de traballo e salario	10,0
3.1 Planificar accións e alternativas ante cambios das condicións do contrato de traballo 3.2 Identificar a estrutura e calcular a liquidación de haberes	3	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	13,0
4.1 Recoñecer os diferentes órganos de representación 4.2 Comprender o sistema de negociación colectiva 4.3 Identificar os distintos elementos regulados no convenio colectivo do sector profesional do título	4	Representación e negociación colectiva	4,0
TOTAL			41

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.	• PE.1 - Exame fontes e principios do dereito laboral	S	8
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.	• LC.1 - Mapa mental organismos laborais	N	2
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.	• PE.2 - Supostos prácticos	N	2
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.	• PE.3 - Exame tipos de contratos	S	20
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.	• LC.2 - Tarefa de clase	S	1
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.			0
CA2.6.1 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable no sector profesional relacionado con título de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria	• TO.1 - Rúbrica análise convenio colectivo	S	5
CA2.6.2 Determináronse as condicións de traballo habituais en ausencia de convenio no sector profesional relacionado co título de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.	• PE.4 - Exame condicións de traballo	S	10
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.	• TO.2 - Rúbrica análise do convenio colectivo	N	1
CA2.8 Analízouse o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.			0
CA2.8.1 Analízouse o recibo de salarios	• PE.5 - Supostos prácticos	S	5
CA2.8.2 Identifícanse os principais elementos que integran o recibo de salarios	• PE.6 - Exame nóminas	S	15
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.			0
CA2.9.1 Identifícanse as causas da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.	• PE.7 - Supostos prácticos	S	5
CA2.9.2 Identifícanse os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.	• PE.8 - Exame modificación, suspensión e extinción do contrato	S	15
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.	• PE.9 - Supostos prácticos	N	2
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.	• PE.10 - Supostos prácticos	S	8

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - Tarefa de clase 	N	1
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Dereito do traballo.</p> <p>0Representación das persoas traballadoras na empresa.</p> <p>Conflitos colectivos.</p> <p>Novos contornos de organización do traballo.</p> <p>Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.</p> <p>Análise da relación laboral individual.</p> <p>Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</p> <p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.</p> <p>Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.</p> <p>Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.</p> <p>Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.</p> <p>Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.</p>

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**
4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O marco normativo do dereito do traballo - Nesta actividade levarase a cabo unha introducción ao dereito do traballo e a relación laboral, o contrato de traballo e os seus tipos, mediante casos prácticos e dinámicas relacionadas cos contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> Presenta o material e os recursos a utilizar Modera e guía o debate final sobre as solucións formuladas e fai as conclusións finais Elabora a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe/procesa información Resolución de supostos prácticos Elabora mapa mental Analiza o convenio colectivo Realiza a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Análise convenio colectivo Mapa mental Solución aos casos propostos Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Mapa mental organismos laborais LC.2 - Tarefa de clase LC.3 - Tarefa de clase PE.1 - Exame fontes e principios do dereito laboral PE.2 - Supostos prácticos PE.3 - Exame tipos de contratos 	14,0
Clasificación profesional, tempo de traballo e salario - Nesta actividade analizaremos a clasificación profesional dentro do sector do título, así como a organización do tempo de traballo e o cálculo de recibos de salarios	<ul style="list-style-type: none"> Presenta o material e os recursos a empregar Cumprimenta varios recibos de salarios indicando o procedemento a seguir para completar o proceso Elabora a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe/procesa información Soluciona distintos supostos prácticos analizando diversos aspectos que conforman o concepto tempo de traballo Calcula e cumprimenta recibos de salarios identificando os distintos elementos que o integran Realiza a proba escrita ao remate da unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita Solución de casos 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Exame condicións de traballo PE.5 - Supostos prácticos PE.6 - Exame nóminas TO.2 - Rúbrica análise do convenio colectivo 	10,0
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo - Análise e resolución de posibles cambios nas condicións iniciais do contrato de traballo mediante a resolución de supostos teórico-prácticos	<ul style="list-style-type: none"> Presenta o material e os recursos a empregar Exemplifica o procedemento a seguir para calcular a liquidación de haberes Elabora a proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Recibe/procesa información Realiza o cálculo de diversos supostos prácticos para determinar a liquidación de haberes 	<ul style="list-style-type: none"> Solución de casos propostos Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Supostos prácticos PE.8 - Exame modificación, suspensión e extinción do contrato 	13,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Representación e negociación colectiva - Análise da participación dos traballadores na empresa e revisión do convenio colectivo do sector profesional do título	<ul style="list-style-type: none"> Presenta o material e os recursos a empregar Orienta ao alumnado no manexo do convenio colectivo 	<ul style="list-style-type: none"> Analiza o contido do convenio colectivo a través da realización de diversos supostos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Análise do convenio colectivo Solución casos prácticos conflitos colectivos 	<ul style="list-style-type: none"> Normativa vixente. Material de clase (unidade didáctica e actividades) facilitado polo profesor. Internet (fonte de información, ferramentas dixitais, aula virtual, medios audiovisuais) 	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - Supostos prácticos PE.10 - Supostos prácticos TO.1 - Rúbrica análise convenio colectivo 	4,0
TOTAL						41,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A Seguridade Social	14

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os principais organismos e características do sistema de Seguridade Social	1	A Seguridade Social	3,0
2.1 Determinar e calcular distintas prestacións contributivas da seguridade social	2	Prestacións da Seguridade Social	8,0
3.1 Calcular prestación por desemprego e manexar o simulador do Servicio Público de Empleo	3	O desemprego	3,0
TOTAL			14

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.	• LC.1 - Debate sistema da Seguridade Social	N	2
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.	• TO.1 - Mapa mental estrutura da Seguridade Social	N	7
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.	• PE.1 - Supostos prácticos	N	1
